

Imaxinar o inimaxinábel

Lois Pérez.

Ao Mestre da Memoria 2023 da AELG, Xan do Vilar, escoiteino falar en Quiroga dos castiñeiros e do souto máis fermoso do Courel, aínda emocionado polos sucesos daquel gravísimo incendio onde o perdera todo; a Anxo Moure, falarme con tenrura no curuto da Casa da Árbore en Garabelos (Chantada) dos teixos, pero tamén de moitas outras árbores e do bosque, en conversas en Tui e nunha viaxe en coche dende Carballo a Lugo; a Daniel Caxigueiro, contarme abraiado no xardín da súa casa en San Martiño de Foz, do poder analxésico do zume dos salgueiros, do que soubo por un ancián polaco ao que lle caeron as bágoas ao ver un salgueiro como o da súa infancia –un pasatempo da súa nenez era zugar da cortiza do salgueiro–; á miña amiga Merce Grueso dicirme das carocas, eses buracos na cortiza que teñen algunhas árbores que semellan a boca da terra que ninguén escoita ou o oído ao que ninguén lle bisba nada pero que nos interpelan algunhas mañás de néboa no río, de cando en vez, como unha revelación; a Nito da Arousa, relatarme na súa casa da Illa, dos milleiros de árbores autóctonas que leva replantado alí e da resistencia do eucalipto e do difícil que é desfacerse del, como un soldado ferido na batalla ao que só lle restase camiñar. Polo escritor noruegués Karl Ove Knausgaard souben da micorriza, un fungo microscópico que, seguindo a idea de Suzanne Simard, forma unha rede subterránea que permite ás árbores compartir nutrientes e comunicárense, desafiando a visión individualista da nosa evolución como sociedade, suxerindo unha cooperación profunda entre todos os seus seres, moi por diante deste *brutalismo patrimonialista* en curso a nivel planetario (confundir o de todos co dun para facelo dun). Esas persoas e libros foron mellorando a miña conciencia do inmenso patrimonio natural que posuímos e mudaron para sempre a miña ollada puramente amábel e espontánea que calquera pode sentir ao percorrer unha fraga ou unha montaña. E a canción de Nacho Vegas: *Ser árbol*. E diante das imaxes que estes días dan conta da traxedia que está a vivir o noso país ardendo, veume tamén á cabeza unha lámina que había no meu cuarto cando era neno: ese debuxo de Castelao dun neno apertado ao tronco dun castiñeiro. As árbores son palabras e o bosque é a lingua. A lingua é territorio. O noso patrimonio é vida. A terra que pisamos, o ceo sobre as nosas cabezas.

Por que lembrar todo isto? Esperanza? Negación? Instinto de conservación? Non. Iso que hoxe vemos arder ponme en contacto co pouco que eu sei do que arde. Pero abondo para decatarme da dimensión da traxedia.

No incendio máis grave da nosa historia, o presidente Rueda di que "o plan de incendios estaba perfectamente preparado". Pero é unha afirmación que entra dentro dun gobernar *performático* que é simular que se goberna. Esa simulación condiciona o resto da acción de goberno porque son accións destinadas a aparentar algo que non se corresponde coa realidade para saír mellor parado. O que nos di a realidade é xustamente o contrario: que o plan non estaba perfectamente preparado. Porque os lumes continúan sen ningún control ameazando con devorar outras zonas do país.

Cal é o grao de desidia e incompetencia desta xente que está na Xunta? Que senten exactamente polo seu territorio, pola súa paisaxe, polo seu país, pola xente? Que é o que entenden polo 'seu país'? En que consiste exactamente na súa cabeza todo iso? Unha máis unha son dúas e o día ten 24 horas. E se este é o incendio máis grave da nosa historia e en dez anos non tomaches unha soa medida das 100 que che propuxeron os científicos en 2016, que nome lle damos a iso? Non é a túa responsabilidade? Non deberías dimitir, cesar ninguén? Irte?

Así que agora precisamos imaxinar o inimaxinábel. Adam Przeworski, ao fío do que vai acontecendo con Trump en USA, fala da incapacidade que temos como sociedade para 'imaxinar o inimaxinábel'. É paradoxal, porque o que non somos quen de imaxinar como sociedade, si somos quen de imaxinalo como individuos. Moitos dos logros e transformacións como persoas xorden desa capacidade que temos para transformar o que imaxinamos en realidade. Pero iso é no plano individual ou en pequenos colectivos. No social é algo moi difícil, aínda que haxa excepcións. Abundan os casos do inimaxinábel cunha forte carga negativa, do que hai moitos exemplos ao longo da Historia. Pero nun sentido positivo de transformación social é algo máis escaso. Porén, esas derivas ao negativo veñen desa incapacidade para imaxinar o inimaxinábel. Tememos achegarnos a esa zona. Asociámolo co dramático, o trágico, o perigoso. A perda. A morte. Esta, precisamente, resúltanos difícil de imaxinar porque batemos cos límites do descoñecido. E iso provócanos unha sensación de baleiro na medida en que é algo que escapa á linguaxe. Sen palabras das que aganchar resúltanos case imposíbel e fuximos dese lugar.

Pero precisamos vencer esa imposibilidade e imaxinar o inimaxinábel, aínda que nos resulte doloroso. Se os incendios destes días queimaron unha cantidade inmensa do país, precisamos imaxinar o que pode pasar nunha semana, dúas ou tres, xusto nese momento, cando pensabamos que xa pasara todo. Precisamos imaxinar, non que arde unha provincia enteira, senón que arde o país enteiro. E que se aplican medidas iguais ou semellantes, cos mesmos responsábeis que neste momento viven máis preocupados de gardar os seus intereses cós da cidadanía. Si, precisamos imaxinar o inimaxinábel, mobilizármonos e empurrar cívica e pacificamente esta xente fóra do goberno do país. Se non somos quen de imaxinar o inimaxinábel, acabarán pouco a pouco con todo. Até que non quede máis ca terra queimada.